

Criteriaos xerais para a elaboración das programacións didácticas.

1. Concepto e xustificación.

A programación didáctica é o instrumento de planificación curricular específico de cada área que pretende ordenar o proceso de ensino e aprendizaxe do alumnado concretando os distintos elementos do currículo.

Debe responder a estas cuestións:

1. Que, cando e como ensinar.
2. Que, como e cando avaliar.
3. Como atender á diversidade.

As programacións didácticas serán aprobadas polo **claudio de profesores**, de acordo co establecido no artigo 129 da Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio.

De acordo co artigo 77 da Orde do 1 de agosto de 1997 pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 324/1996, corresponde á **comisión de coordinación pedagóxica**, establecer as directrices xerais para a elaboración e revisión das programacións didácticas, velar polo seu cumprimento, así como elaborar os protocolos para avaliar o resultado do seu desenvolvemento.

Os **departamentos didácticos** desenvolverán o currículo establecido, polo Decreto 86/2015 do 25 de xuño, a través das programacións didácticas de cada materia de cada curso que teña encomendada na organización docente do centro.

A **xefatura do departamento** coordinará a elaboración das programacións das materias e ámbitos adscritos ao departamento, encargarse da súa redacción de acordo co proxecto educativo e coas directrices xerais establecidas pola comisión de coordinación pedagóxica e de xeito que garanta a actuación coordinada entre o profesorado do departamento e ao longo da etapa.

2. Aspectos xerais das programacións didácticas

1. As propostas pedagóxicas terán en consideración as características do alumnado, tendo sempre presente a atención á diversidade e o acceso de todo o alumnado á educación común. Deste xeito, a metodoloxía didáctica será nomeadamente activa e participativa, que teña en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe e favorecendo o traballo individual e cooperativo do alumnado, así como o logro dos obxectivos e das competencias correspondentes.

2. Sen prexuízo do tratamento específico nalgunhas das materias da etapa, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional traballaranse en todas elas.

3. Para promover a comprensión lectora e o uso da información, dedicarán un tempo á lectura na práctica docente de todas as materias.

4. Para promover a integración e o uso das tecnoloxías da información e da comunicación na aula, contemplarase a utilización habitual do equipamento e recursos tecnolóxicos do centro, especialmente das aulas abalar, virtual e de informática, como recursos metodolóxicos eficaces para desenvolver as tarefas de ensino e aprendizaxe, especialmente dende perspectivas interactivas e favorecedoras da atención á diversidade e aos diferentes ritmos de aprendizaxe.

5. Para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, deberán deseñarse actividades de aprendizaxe integradas que lles permitan ao alumnado avanzar na aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo, aproveitando as posibilidades que ofrecen as metodoloxías de proxectos, entre outras, así como os recursos e as actividades da biblioteca escolar.

6. A fin de favorecer que todos os coñecementos e as experiencias lingüísticas do alumnado contribúan ao desenvolvemento da súa competencia comunicativa plurilingüe, as materias de Lingua

Castelá, Lingua Galega, Inglés e Francés, impartirán o seu currículo de xeito integrado. Para isto chegarán a acordos sobre criterios metodolóxicos básicos, sobre a terminoloxía que se vaia a empregar, e o tratamento que lles se dará aos contidos, aos criterios de avaliación e aos estándares de aprendizaxe similares en cada materia lingüística, de xeito que se evite a repetición dos aspectos comúns á aprendizaxe de calquera lingua.

3. Elementos das programacións didácticas

As programacións didácticas incluírán para cada materia, polo menos, cos seguintes elementos:

1. Introducción e **contextualización** da programación (característica da materia/s, do alumnado, recursos necesarios e dispoñibles, etc.)
2. Concreción dos **obxectivos** para cada curso.
3. Perfil das **competencias clave**. Concreción que recolla a relación dos **estándares de aprendizaxe** avaliábeis da materia que contribúen ao desenvolvemento de cada unha das competencias, de xeito que facilite a súa avaliación.
4. Secuencia e temporalización dos **contidos**.
5. Concreción para cada unidade, proxecto ou tema de:
 - a. Relación entre os diferentes elementos curriculares.
 - b. Grao mínimo de consecución dos estándares de aprendizaxe avaliábeis.
 - c. Criterios de cualificación e **instrumentos de avaliación** das aprendizaxes do alumnado.
6. A **metodoloxía** didáctica que se vai aplicar, concretando as estratexias de actuación e participación, procedemento de avaliación, agrupamentos, tempos, materiais e recursos didácticos, incluídos as tecnoloxías da información e da comunicación, libros de texto e uso da biblioteca escolar.
7. Criterios sobre a **avaliación, cualificación e promoción** do alumnado:
 - a. Avaliación inicial, tipo de proba e consecuencias do resultado, individuais e colectivas.
 - b. Avaliación continua, periodicidade das probas, instrumentos, criterios e procedementos de cualificación, mecanismos de recuperación.
 - c. Avaliación final, quen a ten que facer, tipo de proba, que estándares se avalían e como se calcula a cualificación final.
 - d. Avaliación extraordinaria, descrición do tipo de proba e como se cualifica
8. Recuperación e avaliación de **pendentes**. Mecanismos para o seguimento, como se avalía, como se calcula a cualificación final e descrición da proba extraordinaria e como se calcula.
9. Indicadores de logro para a avaliación do proceso de ensino e da práctica docente.
10. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didáctica en relación cos resultados académicos, a adecuación dos materiais e recursos, da distribución dos tempos e dos métodos didácticos e pedagóxicos utilizados e os procesos de mellora.
11. As medidas de **atención á diversidade** que corresponde aplicar ao departamento, reforzos, programas de recuperación e específicos, ACS, desdobres, agrupamentos....
12. Concreción dos **elementos transversais** que se traballarán en cada curso.
13. Programa de **actividades extraescolares e complementarias**.

Elaborarase un único documento especificando os apartados do 2 ao 7 de xeito separado para cada materia que corresponda ao departamento, os demais apartados abordaranse de xeito global. Ademais incorporará un índice e a sinatura dos seus membros.

4. Procedemento para a elaboración das programacións didácticas.

1. Durante o mes de setembro e antes do inicio das actividades lectivas, a comisión de coordinación pedagóxica fixará un calendario de actuacións para o análise dos proxectos curriculares e para a inclusión neles das posibles modificacións derivadas desta avaliación
2. A xefatura de departamento, como responsable da redacción da programación, entregarán as programacións en formato electrónico **antes do inicio das clases** de cada curso escolar.

3. A xefatura de estudos do centro comprobará que nas programacións figuran os apartados correspondentes. De faltar algún dos apartados deberá instar ao departamento correspondente a completar a programación incluíndo os apartados dos que carece.

4. Antes do **30 de setembro**, a xefatura de estudos disporá de todas as programacións cumprimentadas correctamente, deberá remitir unha copia ao servizo de inspección educativa en formato electrónico. No escrito de remisión farase constar expresamente que todas as programacións conteñen os apartados que a normativa vixente contempla.

5. O cambio de profesorado non debe implicar unha nova programación senón que todo profesor/a que se incorpore a un departamento debe adaptarse á programación vixente.

6. Se algún profesor decidira incluír na programación da súa actividade docente algunha variación con respecto á programación conxunta do departamento, esta variación e a xustificación correspondente, incluírase na programación do dito departamento sempre que así o acorde o citado órgano ou, en último caso, a comisión de coordinación pedagóxica.

7. Dado o seu carácter anual, as programacións didácticas serán unha achega da PXA.

8. Ao comezo de cada curso a xefatura de cada departamento publicará as súas programacións didácticas na páxina web do centro e, elaborará os documentos de síntese coa información relativa á programación didáctica de cada materia para dar a coñecer ao alumnado correspondente a través do profesorado asignado para impartila. Esta información incluírá:

- Obxectivos e contidos do curso.
- Grao mínimo de consecución dos estándares avaliábeis.
- Procedementos e instrumentos de avaliación da aprendizaxe que se van utilizar.
- Criterios sobre avaliación, cualificación e promoción do alumnado.

5. Memoria do desenvolvemento da materia.

1. É competencia dos departamentos a elaboración, a fin de curso, dunha memoria na que se avalíe o desenvolvemento da programación didáctica e os resultados obtidos, de acordo coas directrices fixadas pola comisión de coordinación pedagóxica.

2. Os departamentos fan o seguimento mensual da programación didáctica e establecen as medidas que, se é o caso, se estimen necesarias por desaxustes no seu desenvolvemento, resultados pouco satisfactorios e/ou circunstancias non contempladas inicialmente.

3. Á vista das actas ou informes os departamentos, despois da avaliación de xuño recollerán nunha memoria para cada materia, polo menos, os seguintes aspectos:

- a) Avaliación do proceso de ensino e da práctica docente.
- b) Avaliación da programación didáctica.
- c) Modificacións introducidas durante o curso e xustificación das mesmas.
- d) Análise dos resultados das avaliacións finais do alumnado en relación cos cursos anteriores.
- e) Propostas de mellora para a programación do curso seguinte.
- f) Actividades complementarias e extraescolares realizadas e a súa valoración.

4. A súa redacción corresponde ao xefe de departamento quen, unha vez aprobada, a entregará en formato electrónico ao xefe de estudos, segundo as indicacións e prazo que estableza a dirección.

5. En setembro, despois de rematada a avaliación extraordinaria, os departamentos elaborarán un documento coa análise definitiva dos resultados que incorporarán como anexo á memoria.

6. A dirección incorporará as memorias e os seus anexos á **Memoria Anual** do centro que se remitirá, antes do **10 de xullo** e do **10 de setembro** respectivamente, ó Servizo Territorial de Inspección Educativa.

6. Os ámbitos lingüístico e social e científico e matemático.

1. O currículo dos programas de mellora da aprendizaxe e o rendemento inclúe na súa estrutura os seguintes ámbitos:

- Un ámbito **lingüístico e social**, que incluírá elementos formativos seleccionados entre os obxectivos e contidos curriculares correspondentes ao segundo e ao terceiro curso da etapa das materias de ciencias sociais, xeografía e historia, lingua galega e literatura e lingua castelá e literatura.
- Un ámbito **científico e matemático**, que incluírá elementos formativos seleccionados entre os obxectivos e contidos curriculares correspondentes ao segundo e ao terceiro curso da etapa das materias de matemáticas, bioloxía e xeoloxía e física e química.

2. A selección destes elementos formativos realizarase tendo en conta o seu carácter nuclear, a súa relevancia social e cultural, a súa funcionalidade e a súa capacidade para facilitar o desenvolvemento das competencias clave e a consecución dos obxectivos xerais da etapa. Polo tanto, compre seleccionar como contidos fundamentais do currículo, aqueles que resultan imprescindibles para aprendizaxes posteriores e que contribúen decisivamente ao desenvolvemento das competencias clave.

3. Na súa estrutura, que supera a presentación disciplinar, procurarase a integración das distintas materias arredor de **unidades** ou bloques, cunha dimensión globalizadora ou interdisciplinaria.

4. Fomentarase a **participación activa** do alumnado, tanto de xeito individual como no **traballo en grupo**. Incidirase na procura de que o alumnado sexa capaz de **aprender a aprender** e de aumentar o grao de **autonomía persoal**.

5. A programación dos ámbitos será elaborada nos distintos **departamentos didácticos** implicados e polas **persoas designadas para impartilos**, coa colaboración da xefatura do Departamento de Orientación, a partir das directrices xerais establecidas pola comisión de coordinación pedagóxica e coordinadas polo xefe ou xefa de estudos.

6. A **programación** dos ámbitos incluírá os mesmos apartados que os establecidos para as demais materias. Fixarán as **actividades de reforzo** para a recuperación das materias pendentes que corresponden aos contidos curriculares que abranguen.

7. Os programas de mellora da aprendizaxe e o rendemento e o seu desenvolvemento serán obxecto de seguimento e avaliación específicos, de acordo cos criterios establecidos en cada programa. A persoa titora elaborará, ao final de cada curso, unha **memoria** que inclúa:

- a) Informe sobre o progreso do alumnado do programa.
- b) Modificacións introducidas durante o curso e xustificación das mesmas.
- c) Valoración do funcionamento do programa e, se é o caso, proposta de mellora.
- d) Actividades complementarias e extraescolares realizadas e a súa valoración.

8. As posibles modificacións do programa de diversificación que se propoñan ao final de cada curso, xunto coa súa xustificación, deberán ser informadas favorablemente polo correspondente Servizo de Inspección Educativa antes da súa posta en práctica.